



REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

DISPOSICIÓN PRELIMINARES

Primeira. Cláusula de xénero

A Federación Galega de Deportes de Inverno (FGDI) garante a igualdade efectiva de homes e mulleres como un dos seus principios básicos de actuación.

A tal fin, as mencións xenéricas en masculino que aparecen no articulado do presente Regulamento entenderanse referidas tamén ao seu correspondente feminino, agás aqueles supostos en que especificamente se faga constar que non o é así.

Segunda. Cómputo de prazos

Para unha maior claridade, como norma xeral y exceptuando exclusivamente aqueles supostos en que se indique expresamente o contrario, todos os prazos que fagan referencia a materias relacionadas coa tramitación de licenzas computaranse nos termos previstos no artigo 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

No caso dos prazos expresados en días, aclárase que:

- Son sobre días hábiles, excluíndose por tanto do cómputo os sábados, domingos e os días declarados oficialmente festivos na cidade sede da FGDI (Ourense).
- Exclúese da consideración anterior o suposto de que o prazo indique expresamente que é en “días naturais”, en cuxo caso computaranse todos sen excepción; no entanto, se o último día dese prazo fose sábado, domingo ou festivo na cidade sede da FGDI (Ourense), adiarase ao seguinte día hábil na dita cidade, que pasará a ser o último do prazo.
- Cando se estableza un prazo xenérico (por exemplo, “ata o 31 de outubro”), se a dita data fose sábado, domingo ou festivo na cidade sede da FGDI (Ourense), tamén se adiará ao seguinte día hábil na dita cidade, que pasará a ser o último do prazo.



Terceira. Transición ás tramitacións electrónicas

As referencias que contén o presente Regulamento á personación dos interesados, a presentación física ou entrega ou recepción de documentación, o uso do soporte papel, a emisión de copias seladas, a remisión de notificacións, a sinatura de documentos, etc. irán sendo flexibilizados pola FGDI, combinándoos ou substituíndoos por procedementos telemáticos ou electrónicos para facilitar os ditos trámites.

2.- As adaptacións que se vaian realizando poderán habilitarse mediante circular, previo acordo dos Órganos de Goberno da FGDI, sen prexuízo da súa posible aplicación no Regulamento en actualizacións posteriores.

3.- Neste sentido, e sen ánimo exhaustivo, como directrices xerais para a dita transición establécense as seguintes:

- a) A tramitación presencial de documentación irase substituíndo pola tramitación telemática, agás aqueles supostos excepcionais en que se decida manter, por razóns xustificadas.
- b) Paulatinamente irase suprimindo o soporte papel, a excepción daqueles documentos que deban manterse neste formato ou se considere conveniente que o sigan estando, primando a dixitalización.
- c) sistema informático común habilitado para o efecto irá incorporando no posible todos os trámites oportunos, accesibles mediante identificación de usuario e contrasinal o acceso mediante certificado dixital ou outros medios similares que permitan verificar a identidade do usuario.
- d) A sinatura física poderá substituírse pola sinatura dixital que reúna os requisitos necesarios para a súa correcta identificación e verificación.
- e) A emisión de notificacións efectuarase ao e-mail designado para o efecto polo interesado, e só en casos excepcionais se utilizará a vía postal ou edictal.



TÍTULO PRIMEIRO: CONSIDERACIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O presente Regulamento de licenzas da FGDI ten por obxecto regular a tramitación e réxime xurídico das licenzas expedidas por esta Federación.

Artigo 2. Lexislación e normativa aplicable

O Regulamento de licenzas da FGDI é unha disposición regulamentaria elaborada de conformidade coas facultades de organización interna que lle asisten, contidas nos seus estatutos e amparadas pola Lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia, respectando o contido necesario sobre licenzas autonómicas e disposicións da Real Federación Española de Deportes de Inverno e todas aquelas que puidesen resultar de aplicación.

Respecto das licenzas dos adestradores, monitores e oficiais titulados, a súa expedición deberá axustarse ás esixencias que poida establecer, en materia de ordenación das profesións do deporte e doutras profesións reguladas como as sanitarias, a lexislación autonómica e/ou estatal aplicable.

Artigo 3. Circular anual sobre tramitación de licenzas

Co tempo suficiente para o seu coñecemento e para a realización das licenzas, se elaborará e difundirá antes do inicio de cada tempada unha circular na que se concretarán aqueles aspectos do presente Regulamento aplicables á mesma para a seguinte tempada deportiva, evitándose deste modo que as devanditas actuacións, ata a data incorporadas ao Regulamento de licenzas, deban ser obxecto de aprobación por parte dos Órganos de Goberno da FGDI.

En particular, a mencionada circular conterá, procurando presentar a información de maneira facilmente comprensible e con incorporación de táboas-resumo:

- a) O cadro de categorías por idades e ano de nacemento.
- b) Os prazos para proceder á tramitación das solicitudes, renovacións e demais actuacións que sexan necesarias ou deriven do presente Regulamento.
- c) texto actualizado da cláusula de autorizacións e cesións de dereitos en materia de protección de datos.
- d) texto actualizado da cláusula de autorizacións e cesións en materia de dereitos de nome, imaxe, voz e outros que poidan engadirse.
- e) Os beneficios adicionais que poidan ser aprobados para os titulares da licenza.
- f) A circular poderá incorporar tamén outros documentos que poidan resultar de utilidade, como formularios ou modelos normalizados que faciliten a xestión dos trámites.

Os importes das licenzas, por tipo e categoría, serán aprobados na Asemblea Xeral que se celebra ó remate da tempada anterior.



TÍTULO SEGUNDO: DAS LICENZAS

CAPÍTULO PRIMEIRO: CONSIDERACIÓNS XERAIS

Artigo 4. Concepto

A efectos do presente Regulamento enténdese por licenza o documento que, expedido pola FGDI, a solicitude dun interesado debidamente lexitimado para iso e cumprindo os requisitos establecidos, permite a aquel integrarse na organización federada autonómica (ou estatal, no suposto de que formule tamén a licenza pola RFEDI) e, entre outros dereitos e dependendo do tipo de licenza, posibilita a súa participación nas competicións oficiais autonómicas ou estatais de atletismo para as que reúna os condicionantes esixidos, ou o desenvolvemento dunha actividade directa ou indirectamente relacionada coas devanditas competicións.

Artigo 5. Expedición por estimación presunta

Cando se trate de licenzas directamente expedidas pola FGDI, a correcta tramitación da solicitude polo interesado, sen resposta ningunha por parte da Federación, xerará para todos os efectos e transcorrido o prazo de quince días hábiles, a estimación presunta da súa concesión.

Unha licenza expedida pola FGDI só producirá efectos no ámbito estatal cando se produza algún dos seguintes supostos:

- a) A materialización da dita circunstancia no sistema informático habilitado ao efecto, de modo que permita á RFEDI verificar o pago da cota e o cumprimento dos demais requisitos establecidos.
- b) Unha solicitude do interesado, efectuada directamente á RFEDI, acreditando o transcurso do prazo fixado pola lexislación autonómica para a estimación presunta e o cumprimento dos requisitos necesarios para que despregue efectos no ámbito estatal.

En ambos os casos, será a partir de dito momento cando comece o cómputo do prazo de validación previsto nos artigos 30.2 e 34.2.

Artigo 6. Responsable da expedición

Como norma xeral, as licenzas serán expedidas pola Federación Galega de Deportes de Inverno.

Unha vez que se verifique o pago da cota estatal serán validadas pola FGDI, nos termos previstos para a expedición e renovación de licenza no presente Regulamento e sen prexuízo das posibles accións revisoras previstas no mesmo.



Os mencionados efectos no ámbito estatal non se producirán, quedando en suspenso ata a súa subsanación, polos seguintes motivos:

- a) Cando a solicitude ou inscrición non conteña todos os datos esixidos polo presente Regulamento, ou non se cumprimente algún dos requisitos ou obrigas establecidos.
- b) En consonancia co Real Decreto 1835/1991, de 20 de decembro, sobre Federacions deportivas españolas, cando a Federación autonómica non se axuste a os requisitos comúns establecidos e necesarios para homoxeneizar as condicións de expedición de licenzas con efectos nas competicións oficiais estatais.
- c) Cando a Federación autonómica sexa obxecto de desinscrición da RFEDI ou quede en suspenso a súa condición de federación integrada, polas causas legal, estatutaria ou regulamentariamente previstas.
- d) Cando se incumpran as obrigas económicas debidas á RFEDI, aprobadas pola súa Asemblea Xeral ou polo órgano independente a que se refire o artigo 32.4 da Lei 10/1990.
- e) Cando o solicitante manteña débedas de calquera tipo coa FGDI ou RFEDI (impago de sancións económicas, de taxas por expedición de licenzas... etc.), ata o seu completo pagamento.

A FGDI, utilizará un sistema informático que garanta o acceso, polo menos, aos seguintes datos dos titulares de licenzas autonómicas: razón social ou nome e apelidos, CIF ou DNI/NIE, data de nacemento ou de constitución e número de licenza asignado.

Sen prexuízo do anterior, a RFEDI terá acceso a todos os datos das licenzas que xeren efectos no ámbito estatal. A tal fin, a Federación autonómica preverá a dita circunstancia mediante a inclusión da oportuna cláusula na documentación necesaria para solicitálas por parte dos interesados.

Artigo 7. Censo

A través do sistema informático a FGDI elaborará e manterá actualizado un censo de licenzas de Galicia, respectando a lexislación vixente en materia de protección de datos.

Artigo 8. Autorizacións

Ó solicitar a licenza, o interesado (e no caso dos menores de 14 anos, tamén os seus representantes legais) deberá/n manifestar de xeito inequívoco a súa conformidade e autorización para a cesión e tratamento dos datos achegados, a fin de posibilitar o correcto cumprimento do seu obxecto social á organización federada autonómica, española ou internacional, e a outros organismos que interveñen na organización ou tutela das actividades e competicións.



Dita autorización materializarase na solicitude de licenza nos termos que estableza a FGDI ou RFEDI, que serán actualizados con ocasión das modificacións legais ou outros motivos de oportunidade que poidan producirse e que se difundirán oportunamente mediante circular, procedéndose a adaptar no seu caso o sistema informático.

Ó solicitar a licenza, o interesado (e no caso dos menores de idade, tamén os seus representantes legais) deberá/n manifestar de xeito inequívoco a súa conformidade coa cesión daqueles outros dereitos que tamén poidan ser necesarios para o adecuado e mellor cumprimento do obxecto social e funcións da organización federada autonómica, española ou internacional, como os dereitos de nome, imaxe e voz durante as actividades ou competicións organizadas ou tuteladas por estas. A dita autorización materializarase na solicitude de licenza nos termos que estableza a FGDI ou RFEDI, que serán actualizados con ocasión das modificacións legais ou outros motivos de oportunidade que poidan producirse e que se difundirán oportunamente mediante circular, procedéndose a adaptar no seu caso o sistema informático común a tales efectos.

A circular anual sobre tramitación de licenzas para a seguinte tempada conterá o texto actualizado das mencionadas cláusulas.

CAPÍTULO SEGUNDO: CLASES DE LICENZA

Artigo 9. Clases de licenza

Poderase obter licenza FGDI ou RFEDI como persoa física.

Poderase obter licenza FGDI como entidade deportiva.

Artigo 10. Licenzas de entidade deportiva

Estas licenzas poderán expedirse a favor das entidades deportivas que desenvolvan actividades relacionadas coas disciplinas adscritas á FGDI, cando se atopen debidamente constituídas, de conformidade coa lexislación estatal e autonómica aplicable, e inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma onde radique o seu domicilio social e desenvolvan a súa actividade principal e, no seu caso, no Rexistro de Entidades deportivas do Consello Superior de Deportes.

A circular anual sobre tramitación de licenzas para a seguinte tempada conterá custe da licenza de entidade deportiva que será aprobado na Asemblea Xeral da FGDI.



Artigo 11. Licenzas de persoa física

As licenzas para persoa física serán expedidas ás persoas de nacionalidade española ou estranxeira que, reunindo os requisitos establecidos, o soliciten, directamente ou a través da entidade deportiva á que se desexen vincular ou xa estean vinculadas.

As licenzas expedidas a persoas físicas polas FGDI, cando deban fornecer efectos no ámbito estatal, deberán coincidir con algunhas das previstas a continuación:

De deportista: De vixencia anual, permite a participación en calquera das probas de deportes de inverno recoñecidas pola RFEDI e FGDI nas súas diferentes modalidades: Biathlon, Esquí Alpino, Esquí de Fondo, Esquí de Velocidade, Freeski & Freestyle, Mushing, Snowboard, Telemark.

De Técnico Deportivo: De vixencia anual, expedirase ás persoas que contan cun título expedido por centros que poidan estar acreditados para iso, debidamente recoñecidos por mandato legal ou por decisión da RFEDI. Estas licenzas poderán ser:

- i. TDS (a quen estea en posesión do título de técnico deportivo superior).
- ii. TD (a quen estea en posesión do título de técnico deportivo).

De Xuíz ou Delegado Técnico: De vixencia anual, expedirase ás persoas coa titulación específica expedida pola RFEDI ou FGDI

De animais en competición: De vixencia anual, expedirase de xeito individual, Será requisito imprescindible para a expedición de licenza para animais, a acreditación de ter contratado un seguro de responsabilidade civil que cubra calquera dano que cada un dos animais para os que se solicita a licenza podan causar a persoas ou bens durante a súa participación nas actividades ou competicións deportivas.

De adestrador: De vixencia anual, poderán solicitala todos aqueles que veñan desenvolvendo competencias similares ós títulos TD e TDS nas disciplinas nas que non exista formación reglada.

De Técnico de Material: De vixencia anual, poderán solicitala todos aquelas persoas que veñan desenvolvendo as tarefas e funcións de preparación, mantemento e reparación de material deportivo.

De Médico: De vixencia anual, será preciso estar en posesión da titulación oficial e da póliza de seguro dos riscos derivados do exercicio profesional.

De Fisioterapeuta / ATS: De vixencia anual, será preciso estar en posesión da titulación oficial e da póliza de seguro dos riscos derivados do exercicio profesional.

De Preparador físico: De vixencia anual, será preciso estar en posesión da titulación oficial e da póliza de seguro dos riscos derivados do exercicio profesional.



De Veterinario: De vixencia anual, será preciso estar en posesión da titulación oficial e da póliza de seguro dos riscos derivados do exercicio profesional.

De Delegado: De vixencia anual, se expedirá a favor daqueles que ostenten a representación dun club nas competicións oficiais.

De Directivo: De vixencia anual, se expedirá a favor daqueles que ostenten a representación legal dun club nas competicións oficiais.

De Cronometrador: De vixencia anual, se expedirá a favor daqueles que desenvolvan tarefas de cronometrador e teñan titulación de cronometrador da RFEDI

Os deportistas non poderán dispor de licenza como independentes.

Unha mesma persoa ou entidade pode ser titular simultaneamente de varias licenzas, sempre que o sexa por distintos estamentos, sendo aplicables a tal efecto as incompatibilidades que poidan estar establecidas nos estatutos ou os diferentes regulamentos da FGDI.

CAPÍTULO TERCEIRO: CONTIDO

Artigo 12. Datos da licenza

Para poder fornecer efectos no ámbito estatal, as licenzas autonómicas axustaranse ao modelo aprobado pola FGDI e conterán como mínimo a seguinte información:

- a) Número de licenza.
- b) Categoría.
- c) Federación autonómica que a expide.
- d) Data de expedición e de caducidade.
- e) Identificación do titular (nome e apelidos, ou razón social, e número de CIF ou DNI/NIE).
- f) A súa condición de licenza masculina ou feminina.
- g) Data de nacemento (persoas físicas) ou de constitución/rexistro(persoas xurídicas).
- h) No caso dos deportistas, e no doutras persoas físicas en que puidese concorrer a dita circunstancia, vinculación a algún club.
- i) Entidade que prestará a asistencia sanitaria en caso de accidente e teléfono de contacto inmediato con esta.
- j) Sinatura do titular, física ou dixital.

Todos os datos que figuren nas licenzas que sexan considerados protexidos conforme á lexislación vixente sobre protección de datos, serán custodiados e tratados pola FGDI/RFEDI na forma legalmente establecida, sen prexuízo das autorizacións que o



interesado debe efectuar no caso de que desexe formar parte da organización federada de deportes de inverno estatal e/ou autonómica.

Artigo 13. Numeración

As licenzas numeraranse de xeito correlativo, comezando a numeración en cada tempada.

Artigo 14. Categorías por idades

No caso dos deportistas, as categorías RFEDI ás que se adscribirán cada tempada serán, atendendo á idade que cumpran durante a tempada / ano para os que teña validez a licenza, as seguintes:

- Máster: Desde o momento en que se cumpriron 30 anos.
- Sénior: Os que cumpran 21 en adiante.
- Sub 21: Os que cumpran 18, 19 ou 20 anos.
- Sub 18: Os que cumpran 16 ou 17 anos.
- Sub 16: Os que cumpran 14 ou 15 anos.
- Sub 14: Os que cumpran 12 ou 13 anos.
- Sub 12: Os que cumpran 10 ou 11 anos.
- Sub 10: Os que cumpran 8 ou 9 anos.

A circular anual sobre tramitación de licenzas conterá un cadro actualizado de idades e categorías, por datas de nacemento.

CAPÍTULO CUARTO: CUSTO

Artigo 15. Custo da licenza

A licenza levará asociados exclusivamente os seguintes custos económicos:

- a) Seguro.
- b) Cota establecida pola FGDI.
- c) Cota establecida pola RFEDI no caso de licenzas nacionais

O importe de cada un dos conceptos indicados constará na páxina web da federación, debendo ser perfectamente accesible para todos os titulares de licenza federativa, substituíndose deste xeito a comunicación persoal que, no entanto, poderá efectuarse con ocasión da concesión da licenza.

A cota FGDI e RFEDI deberá ter un importe idéntico, dentro de cada estamento, por tipo de licenza e categoría.



O importe resultante deberá ser aboado no momento de presentar a solicitude de expedición ou con anterioridade, sen cuxo requisito a solicitude non fornecerá efectos. Salvo causa extraordinaria e xustificada, os pagos non se realizarán en efectivo, habilitándose a tal a transferencia.

Artigo 16. Cota FGDI

A Asemblea Xeral da FGDI aprobará anualmente o importe a aboar por cada licenza, atendendo aos distintos tipos de licenza por especialidades e categorías.

O acordo será obxecto de difusión a través da circular anual sobre expedición de licenzas para a próxima tempada, incorporando unha táboa-resumo que deberá constar na páxina web oficial da FGDI.

Artigo 17. Axudas á expedición de licenzas

O custo das licenzas dos deportistas, adestradores e xuíces poderá ser obxecto de redución ou de axuda, total ou parcial, nos termos que anualmente estableza a Xunta Directiva da FGDI ou RFEDI, segundo o caso, atendendo a criterios de dispoñibilidade orzamentaria.

A forma en que se materializará constará no acordo adoptado, indicándose se recae sobre a cota autonómica, a cota RFEDI, ou seguro ou unha combinación das anteriores.

CAPÍTULO QUINTO: DURACIÓN

Artigo 18. Vixencia

Enténdese por tempada deportiva (tempada) o período de tempo comprendido entre o 1 de xuño (primeiro día) e o 31 de maio do ano seguinte (último).

A licenza de clubs, xuíces, deportistas e adestradores terá carácter anual e a súa duración non excederá do 31 de maio da tempada para o que é válida.

A súa validez será dende o momento da tramitación ata o 31 de maio.

Unha vez tramitada unha licenza de deportista por un club, non se poderá cambiar de club ata finalizada a tempada.



CAPÍTULO SEXTO: CARNÉ OU ACREDITACIÓN DE FEDERADO

Artigo 19. Acreditación de federado

Os deportistas, adestradores e xuíces poderán acreditar dispoñer dunha licenza en vigor con validez no ámbito autonómico mediante a presentación dunha licenza dixital.

Este documento contrá, polo menos, os seguintes datos:

- a) logotipo da FGDI.
- b) A entidade deportiva á que estea vinculado.
- c) Número de licenza
- d) Condición masculina ou feminina
- e) Tipo de licenza
- f) Categoría.
- g) Nome e apelidos do titular, número de nif, data de nacemento
- h) Aseguradora e teléfono de contacto inmediato desta en caso de accidente ou incidencia.

A acreditación de federado, no formato que corresponda, deberá ser presentado a requirimento da organización ou dos xuíces dunha competición, ou dos membros dos órganos da FGDI no exercicio das súas funcións.

A RFEDI utilizará o seu propio sistema para a acreditación dos deportistas, xuíces e adestradores.



TÍTULO III: PROCEDIMIENTO DE EXPEDICIÓN DE LICENZAS

Artigo 20. Expedición

Como norma xeral, as licenzas tramitaranse a través da FGDI.

Artigo 21. Incapacidade

Non poderá expedirse licenza federativa aos atletas e demais persoas doutros estamentos que sexan condenados ou sancionados por dopaxe en calquera modalidade deportiva, tanto no ámbito autonómico como no estatal ou o internacional, mentres se atopen suspendidas ou inhabilitadas.

CAPÍTULO PRIMEIRO: SOLICITUDE DE LICENZA

Artigo 22. Datos da licenza

Os titulares da licenza deberán manter actualizados os datos que consten na licenza, e deberán solicitar a modificación destes cando varíen, aínda que non sexan determinantes dunha nova licenza.

Artigo 23. Documentación

Os solicitantes de nova licenza deberán presentar na FGDI, segundo corresponda e con respecto á lexislación aplicable en materia de protección de datos:

- 1) documento de solicitude de licenza, completamente cumprimentado no modelo normalizado habilitado ao efecto pola FGDI, asinado polo interesado (e os seus representantes legais caso de ser menor de idade), co contido previsto no artigo seguinte.
- 2) A documentación complementaria que resulte de aplicación, dependendo do suposto.

As solicitudes que non cumpran os requisitos indicados non serán aceptadas e serán devoltas ao interesado, facendo constar o motivo para que poida ser emendado, no prazo de dez días hábiles, sen que se xere efecto ningún nin se compute o prazo para a posible estimación presunta ata que non se proceda á súa debida subsanación.

Transcorrido o prazo de subsanación, sen que este sexa atendido, a solicitude caducará e terase por non efectuada para todos os efectos, debendo (no seu caso) volver efectuarse unha nova e diferente solicitude.



Artigo 24. Contido da solicitude

As solicitudes de expedición de licenzas pola FGDI conterán como mínimo a seguinte información, suxeita á lexislación aplicable sobre protección de datos e sen prexuízo das autorizacións que conteñen:

- a) Identificación do titular (nome e apelidos)
- b) Sexo.
- c) Data de nacemento.
- d) DNI
- e) Categoría que deriva da data de nacemento.
- f) Enderezo de correo electrónico, que será o medio utilizado para as notificacións pola FGDI e RFEDI; no caso de persoas xurídicas, menores de 14 anos ou incapaces, o e-mail que se fará constar será o dalgún dos seus representantes legais.
- g) Domicilio actualizado (tipo de vía, número, piso, letra, código postal, localidade, provincia e no seu caso país), que será o que se empregue no caso de notificacións postais ou edictais.
- h) Número de teléfono
- i) Potestativamente, vinculación a algunha entidade deportiva.
- j) Modalidade de licenza.
- k) Cando se trate de persoas físicas, conformidade expresa co tratamento e posibles transferencias internacionais de datos, así como cesión expresa dos seus datos persoais a favor das Federacións autonómicas, á RFEDI, a axencia de seguros e demais entidades e organismos que resulte necesario para poder levar a cabo as finalidades derivadas do exercicio da licenza durante o tempo en que o interesado permaneza integrado na organización federada, sen prexuízo dos dereitos que asistan en materia de protección de datos. Sen o cumprimento deste requisito, materializado na sinatura da cláusula de protección de datos cuxo contido constará debidamente actualizado na circular anual sobre tramitación de licenzas para a seguinte tempada, a licenza non poderá fornecer efectos no ámbito estatal.
- l) Sinatura do titular (e, no seu caso, do/s seu/s representante/s legal/is).

Artigo 25. Prazo

A licenza poderá expedirse en calquera momento.

O prazo mínimo para a tramitación da licenza por parte da FGDI será de dous días a contar dende a presentación da documentación de solicitude de xeito correcto e completo. O prazo máximo será de vinte días.



Artigo 26. Documentación complementaria

A toda solicitude de licenza acompañarase ademais a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI que para os menores de 14 anos poderá substituírse polo pasaporte, libro de familia ou unha certificación de nacemento.
- Xustificante acreditativo da titulación (adestradores)
- Declaración de cans en competición, incluíndo a póliza do seguro de RC onde se atope o can (ou cans) declarados.

CAPÍTULO SEGUNDO: DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 27. Competencia

Fóra dos supostos previstos no artigo 6.3, e da autorización indicada no seguinte apartado, é obrigatorio tramitar a solicitude de licenza na Federación autonómica integrada onde quen sexan ou vaian ser titulares da mesma teñan o seu domicilio legal.

As licenzas das persoas físicas vinculadas a entidades deportivas poderán ser tramitadas directamente por aquelas ou polas devanditas entidades.

Artigo 28. Variación de datos

Os titulares das licenzas deberán notificar á FGDI, calquera variación nos datos apuntados orixinalmente na mesma.

CAPÍTULO TERCEIRO: OBRIGAS, DEREITOS E DEBERES

Artigo 29. Obriga de dispor de licenza

A posesión de licenza en vigor é esixible:

- Para poder participar, no estamento e categoría ou nivel que a licenza autorice, supeditado ao cumprimento das bases de competición establecidas, nas actividades, probas ou competicións de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
- Para poder percibir calquera tipo de remuneración económica por parte da RFEDI/FGDI que garde relación directa ou indirecta coa participación persoal ou de terceiros nas competicións indicadas no punto anterior, sempre que exista un tipo de licenza acorde á actividade desenvolvida.
- Para poder ser proposto como deportista DGAN (Galicia); de alto nivel ou rendemento estatal.



- d) Para poder impartir actividades formativas e docentes organizadas pola FGDI ou RFEDI, salvo que as normas reguladoras da actividade o admitan xustificada e expresamente.
- e) Para poder participar nas actividades organizadas pola FGDI/RFEDI, salvo que as normas reguladoras da actividade o admitan xustificada e expresamente.
- f) Para poder ser destinatario de axudas por parte da FGDI/RFEDI.
- g) Para todo aquilo que así o esixa a lexislación e normativa aplicable, e/ou os Estatutos e Regulamentos da FGDI ou RFEDI.

Artigo 30. Dereitos

A posesión de licenza anual en vigor expedida ou recoñecida/habilitada pola FGDI/RFEDI posibilita ao seu titular:

Considerarse integrado na organización federada de deportes de inverno, coas limitacións e exclusións previstas na lexislación vixente e/ou nos Estatutos e Regulamentos da FGDI, RFEDI, FIS ou IFSS.

No caso dos atletas, en especial:

- i. Participar nas actividades, probas ou competicións de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
- ii. Figurar no ranking nacional nas categorías correspondentes.
- iii. Ser proposto e, no seu caso, nomeado deportista de alto nivel ou rendemento estatal.
- iv. Acceder ao sistema de axudas previstas pola FGDI/RFEDI.

No caso dos adestradores poder desenvolver a súa actividade, no ámbito estatal ou internacional.

No caso dos xuíces, poder ser designados para actuar en actividades, probas ou competicións autonómicas, estatais ou internacionais.

Figurar no censo electoral do estamento correspondente, nos termos e cos efectos que estableza o Regulamento electoral e a lexislación aplicable.

Recibir e acceder á información e documentación da FGDI/RFEDI que xustificadamente solicite, coas limitacións, procedemento e requisitos que establezan os seus Estatutos e Regulamentos.

Os dereitos derivados da licenza quedarán en suspenso, nos termos que dispoña a lexislación e normativa aplicable:

- Cando con ocasión da tramitación dun procedemento se impoña motivadamente a medida provisional de suspensión de licenza.
- Cando se impoña a sanción de suspensión ou inhabilitación de licenza, ata o cumprimento íntegro da mesma. No caso de que se obtivese a suspensión cautelar da súa execución, os dereitos inherentes poderán seguir sendo exercidos mentres se manteña a dita circunstancia.



Artigo 31. Deberes

A posesión de licenza en vigor expedida ou recoñecida/habilitada pola FGDI ou RFEDI implica para o seu titular:

- a) A suxeición, para todos os efectos, á lexislación deportiva vixente e, en particular, ao contido dos Estatutos e Regulamentos da FGDI, RFEDI, FIS e IFSS, que debe coñecer e se compromete a cumprir e facer cumprir.
- b) A obriga de asistir ás convocatorias da selección autonómica, selección nacional, cando sexa designado para iso, tanto para concentracións, adestramentos ou tecnificación como para actividades, probas ou competicións oficiais ou amistosas.
- c) A suxeición á lexislación e normativa internacional e/ou estatal sobre dopaxe, particularmente ao Código Mundial Antidopaxe e a Lista de substancias e métodos prohibidos de WADA-AMA e a Lei Orgánica 3/2013, de 20 de xuño, e os seus regulamentos de desenvolvemento.
- d) A suxeición á lexislación e normativa autonómica, internacional e/ou estatal sobre violencia, racismo, xenofobia e intolerancia no deporte, particularmente á Lei 19/2007, de 11 de xullo, e os seus regulamentos de desenvolvemento.
- e) A suxeición ás prohibicións e limitacións establecidas pola lexislación vixente e os Estatutos, regulamentos e outras normas da RFEDI respecto da participación en apostas deportivas.
- f) A obriga de respectar e someterse á autoridade e decisións que os órganos da FGDI ou RFEDI adopten nas materias da súa competencia, acatando e cumprindo aquelas, sen prexuízo das facultades impugnatorias previstas na lexislación vixente.
- g) A suxeición á potestade disciplinaria da Federación, os seus xuíces, o Tribunal Administrativo do Deporte (TAD) e a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte (AEPSAD), nos termos previstos na Lei 10/1990, de 15 de outubro, do deporte, e as súas disposicións de desenvolvemento, os Estatutos da FGDI ou RFEDI e o seu Regulamento disciplinario.
- h) A suxeición á potestade disciplinaria da Federación Internacional de Esquí (FIS), a Federación Internacional de Mushing (IFSS) e o Comité Olímpico Internacional (COI), polas infraccións cometidas con ocasión das actividades, probas ou competicións de ámbito internacional.
- i) Todos aqueloutros que consten expresamente na lexislación e normativa aplicable, e/ou nos Estatutos e Regulamentos da FGDI e RFEDI.



TÍTULO IV: SEGURO

Artigo 32. Aseguramento de licenzas

Todo atleta en posesión de licenza federativa anual válida para o ámbito autonómico e estatal deberá estar asegurado, durante a vixencia da mesma, de conformidade co disposto no Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño.

Os adestradores e xuíces con licenza estatal dispoñerán dun seguro que garanta idénticas prestacións mínimas.

As federacións autonómicas ou a RFEDI, na súa condición de tomadoras do seguro, publicarán na súa web oficial, como mínimo, indicará a entidade aseguradora, o asegurado, o ámbito territorial (autonómico, estatal, europeo ou mundial), o beneficiario, os riscos incluídos e excluídos e as prestacións garantidas e o teléfono e procedemento inmediato de actuación en caso de accidente.

Un extracto da póliza de seguro, debidamente actualizada, que incluírá os datos expostos con anterioridade, estará a disposición de todos os interesados na páxina web da FGDI.

A Asemblea Xeral da FGDI poderá acordar que as coberturas ou prestacións mínimas a garantir sexan superiores ás legalmente establecidas, nese deberá incorporalas á súa póliza de seguros para o suposto de que o titular da licenza participe en competicións estatais ou internacionais.

A FGDI verificará que a cobertura das pólizas sexa correcta e se atinga aos mínimos legalmente establecidos.

Artigo 33. Custo e repercusión

O importe do seguro será repercutido ao solicitante da licenza, de conformidade coa contía que corresponda en cada caso.

A cantidade que deba aboar o interesado deberá ser satisfeita con anterioridade ou no momento de solicitar a licenza. O dito importe deberá ser destinado necesariamente a devandita finalidade, conforme ao procedemento que se estableza, podendo incorrerse nas responsabilidades disciplinarias ou doutra índole que correspondan en caso de non o facer así, ou de demorar inxustificadamente o seu abono á aseguradora.



OUTRAS DISPOSICIÓNS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

O presente Regulamento derroga calquera regulamento de licenzas anterior.

En defecto de regulación ou de supletoriedade, a Xunta Directiva da FGDI ou RFEDI resolverá sobre o particular, oída a asesoría xurídica.

DILIXENCIA FINAL

Faise constar que o presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Deportes de Inverno na súa reunión do día 17 de xuño do 2021 en Ourense.